



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

Toques - ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA E DESBROCE DE FINCAS E SOLARES URBANOS DENTRO DO TERMINO MUNICIPAL DE TOQUES

Publicación provisional : 16-11-2015 BOP Nº 219 -- Publicación definitiva : 31-12-2015 BOP Nº 250

Redacción Aplicable desde 20-01-2016

Redacciones

- Artigo 1º.- Fundamento e natureza-
- Artigo 2º.-
- Artigo 3º.-
- Artigo 4º.-
- Artigo 5º.- Clasificación das infraccións.-
- Artigo 6º.- Procedemento.
- Artigo 7º.- Sancións.-
- Artigo 8º.- Determinación da cuantía das sancións.
- Artigo 9º.- Órgano competente para sancionar.
- Disposición final
- Nota do Servizo de Asistencia Económica a Municipios

Artigo 1º.- Fundamento e natureza-

A presente ordenanza dítase en virtude das facultades conferidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local e tén por finalidade establecer as condicións mínimas de limpeza dos terreos, fincas e solares dentro de término municipal e regular, en xeral, as actividades e comportamentos relativos ó medio ambiente, có obxecto de acadar as adecuadas condicións de limpeza das malezas nas fincas solares e predios para evitar o risco de incendios e velar pola saúde pública.-

Artigo 2º.

O Concello de Toques, a través da alcaldía ou do concelleiro en quén delegue, xestionará o cumprimento das actividades e obrigacións reguladas e establecidas na presente ordenanza, impondo ou propondo a imposición, según os casos, das sancións que procedan, de acordo co establecido nos artigos seguintes,-

Artigo 3º.

Dereitos dos propietarios de fincas rústicas e urbanas.

Todo propietario de finca rústica ou urbana goza dos dereitos que a continuación se reacionan:

- a) Esixir o cumprimento da presente Ordenanza a todo aquel que non a observare polos cauces legalmente establecidos.-
- b) Denunciar ante o concello de Toques calquera infracción polo incumplimento da presente Ordenanza por considerarse afectado por algunha conducta ou actuación de outro propietario que reporta dano ou perxuízo para a súa propiedade.

Artigo 4º.-

Deberes dos propietarios de fincas rústicas e urbanas.-

Todo propietario de finca rústica e solar está suxeito as seguintes obrigas:

- a) A limpeza dos solares e fincas rústicas é obriga imperativa dos propietarios ou poseedores. De no efectuarse así esa limpeza o concello procederá a executar as obras precisas de limpeza, retirada de lixo e desperdicios á costa dos propietarios sen perxuízo das sancións que procedan legalmente.

O concello requerirá o propietario para que proceda ó cumprimento da presente ordenanza, e en todo caso o concello tén a facultade para executar as obras precisas a conta do propietario, sempre e cando este non dé debido cumprimento á presente ordenanza.-

- b) Os propietarios de solares nos núcleos rurais e urbanos e terreos rústicos deberán mantelos rozados e limpos en condicións de seguridade e salubridade, evitando todo risco de incendios e problemas para a saúde da poboación. Nos terreos adicados a cultivos tomaránse as medidas precisas para evitar a propagación de pragas e enfermidades nos campos colindantes.

Os propietarios e poseedores de terreos que se atopen a menos de cincuenta metros de calquera edificación deberán extremar a limpeza, mantendoos limpos e rozados de maneira que eviten calquera tipo de iniciación ou propagación de lumes ou molestias.

Queda prohibido depositar lixo ou residuos en solares e parcelas tanto de propiedade pública coma propiedade privada.-

Os propietarios ou poseedores de fincas rústicas ou solares que confinen con vías públicas teñen a obriga de cortar todo tipo de árbores, podar ramas e demais elementos que sobresaian as citadas vías públicas, mantendo limpo o espazo da vía para a correcta circulación de todo tipo de vehículos.-

Igualmente serán respectadas tódalas distancias que estén establecidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal á hora de realizar plantacións en fincas rústicas, tendo en conta o tipo de solo e cultivo do mesmo.-

Artigo 5º.- Clasificación das infraccións.-

Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.-

3º.-As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas señaladas nesta Ordenanza serán esixibles non solo polos actos propios, senon tamén polos de aquelas persoas de quen se debe de responder.-

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da provincia e unha vez transcurrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei de Bases de Réxime Local.

Nota do Servizo de Asistencia Económica a Municipios

A ordenanza dispón a súa entrada en vigor unha vez publicado o seu texto completo no Boletín oficial da Provincia, e transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

“El requerimiento deberá ser motivado y expresar la normativa que se estime vulnerada. Se formulará en el plazo de quince días hábiles a partir de la recepción de la comunicación del acuerdo.”

Ó no ter coñecemento da fecha exacta da recepción da comunicación do acordo, o Servizo de Asistencia Económica a Municipios toma como fecha estimada da súa entrada en vigor o prazo de quince días hábiles a partir da publicación definitiva.

Nota Legal

Servicio de Asistencia Económica a Municipios